

O Sr Presidente desculpou a ausencia do Sr. Rea Pérez.

1º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA APROBACIÓN DO PROXECTO REFUNDIDO DAS OBRAS DE “ADECUACIÓN DE EDIFICIO PARA CENTRO SOCIOCULTURAL-CASA PRIORATO”, REDACTADO EN FEBREIRO DE 2019. Polo Sr. Secretario dáse conta da **proposta da alcaldía, do 26 de febreiro de 2019**, que a continuación se transcribe literalmente:

“EXPEDIENTE Nº: 7/PC/2018-2019 OBRAS “ADECUACIÓN DE EDIFICIO PARA CENTRO SOCIOCULTURAL – CASA PRIORATO” INVERTEMENTO AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN OUTORGADA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DESTINADA AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS – PLAN CONCELLOS 2018/2019 DENTRO DA LIÑA 1 DE INVERTEMENTOS E CONCEDIDA AO CONCELLO DE SANXENXO (BOPPO Nº 2 DO 3 DE XANEIRO)

ASUNTO: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PROXECTO REFUNDIDO DAS OBRAS DE “ADECUACIÓN DE EDIFICIO PARA CENTRO SOCIOCULTURAL – CASA PRIORATO”, PARA A INCOACIÓN DE XEITO INMEDIATO DUN NOVO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN DAS OBRAS REFERIDAS.

En data 14 de febreiro de 2019 mediante resolución da alcaldía acordouse desistir do procedemento para a contratación das obras de “Adecuación de edificio para Centro Sociocultural – Casa Priorato”, que se atopaba en fase de licitación, á vista do informe técnico asinado polo redactor do proxecto Don Mariano Vázquez Iglesias que a continuación se transcribe:

“INFORME: CORRECCION DE ERROS NO PROXECTO DE ADECUACIÓN DE EDIFICIO PARA CENTRO SOCIOCULTURAL - CASA DO PRIORATO

D. MARIANO VAZQUEZ IGLESIAS; Arquitecto Superior, colexiado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (C.O.A.G.) delegación de Vigo, con número de Colexiado 4181,

ANTECEDENTES

Sendo autor do proxecto “Proxecto Básico e de Execución de adecuación de edificio para centro sociocultural - Casa do Priorato”, actualmente en fase de licitación, teño sido requirido polo Concello de Sanxenxo para contestar a unha aclaración surxida durante o procedemento e presentada por un licitador.

Que nas comprobacións efectuadas para a comprobación do cuestionado detectase un erro nas medicións. Pois a sumas das partidas nun dos capítulos das mesmas non corresponde co total.

A raíz da constatación do erro, procedo a emitir o seguinte informe;

NATUREZA DO ERRO

Tratase dunha discordancia entre os números que forman un dos capítulos da medición (Cap 07 – Carpintería), ao non corresponderse a suma dos parciais ao resultado total.

Ao afectar a distribución económica do PEM da obra entendemos que obriga a enmenda do procedemento de licitación aberto.

PROCEDEMENTO PARA A CORRECCION DO ERRO

Entendemos que e preciso a elaboración de unhas novas medición onde se subsanen os erros detectados. Esta corrección non afectara a ningún parámetro técnico do proxecto nin variara o total do importe da obra (PEM).

A corrección de erros presentarase con un proxecto refundido que ha de voltar a ser aprobado polo órgano municipal competente, baixo a figura de “corrección de erros”.

Aos efectos da subvención por parte da Deputación de Pontevedra, e unha vez consultados os servizos técnicos de cooperación do organismo provincial, indican que ao non variarse o orzamento da inversión so teríamos que presentar o proxecto refundido co orzamento corrixido e a correspondente aprobación municipal, sen necesidade de iniciar outro procedemento.

CONCLUSIÓNS

Segundo o exposto con anterioridade conclúese, sen prexuício de outras opinións mellor fundadas;

- A de procederse a corrección do erro detectado

- A licitación en curso ten que ser anulada ou enmendada

- Necesitase unha nova aprobación por parte do Concello

- E preciso reenviar o proxecto corrixido a Deputación de Pontevedra, dentro do procedemento da axuda xa concedida.””

Dado que na resolución da alcaldía de data 14 febreiro antes sinalada, acórdase, ademáis, Incoar de xeito inmediato un novo procedemento de licitación das obras referidas, unha vez sexa aprobado o proxecto refundido das obras de “Adecuación de edificio para Centro Sociocultural – Casa Priorato”, polo órgano que corresponda.

Entregado no día de hoxe o referido proxecto refundido, **esta alcaldía, propón:**

Elevar ao Pleno da Corporación, a presente proposta para a aprobación do proxecto refundido das obras de “Adecuación de edificio para Centro Sociocultural – Casa Priorato”, redactado en febreiro por Don Mariano Vázquez Iglesias. O alcalde – Telmo Martín González (asinado electrónicamente na data que figura ao pé).””

O **Sr. Secretario** indicou que ao tratarse dun asunto que non se levou a comisión, procedía á ratificación da súa inclusión na orde do día.

A continuación o **Sr. Presidente** someteu a votación a ratificación da inclusión deste asunto na orde do día, obténcose o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscritas).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 4 (Grupo Municipal do bloque Nacionalista Galego e Sra. González-Haba Pérez, concelleira non adscrita).

En consecuencia, por maioría absoluta, aprobouse a inclusión deste punto na orde do día.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, explicou que este asunto xa viu a pleno, pero posteriormente comprobouse a existencia de erros nas medicións de carpintería, polo que se rectificou, fíxose un proxecto refundido e agora ten que vir ao pleno para a súa aprobación e, finalmente, proseguir coa licitación.

O **Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, aludiu a que lle parecía ben corrixir os erros, pero ridículo facer un pleno extraordinario por este asunto, cando se podía aprobar dentro de dúas semanas.

A **Sra. González-Haba Pérez, concelleira non adscrita**, resaltou que normalmente se subsanaban erros do goberno municipal, sen previa convocatoria de comisión onde se lle explique o motivo, engadindo que no seu día preguntou polo técnico externo que redactou o proxecto e non se lle contestou e que era unha vergoña volver a ter que subsanar erros do grupo de goberno.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, matizou que votaron pola abstención respecto á ratificación da inclusión dentro da orde do día, por non levar este asunto a comisión, pero en canto ao fondo da proposta, ían a votar a favor.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, dixo que todo o mundo cometía erros, os técnicos e el tamén e por iso se desculpaba ante a Sra. González-Haba Pérez polo comentario que fixo respecto do whatsapp nun pleno anterior, que foi froito do acaloramento do debate.

O **Sr. Presidente** manifestou que ao pleno anterior xa viu o proxecto e ,polo tanto, xa era coñecido polos concelleiros, non parecéndolle oportuno que os veciños de Arra tiveran que esperar ata o pleno ordinario para aprobar o proxecto e comezar a licitación.

A **Sra. González-Haba Pérez** sinalou que aínda que o asunto viu a un pleno extraordinario tamén podía terse levado a comisión previamente.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

-Aprobar o proxecto refundido das obras de “Adecuación de edificio para Centro Sociocultural – Casa Priorato”, redactado en febreiro de 2019, por Don Mariano Vázquez Iglesias. -----

2º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2018/2019. O Sr. Secretario explicou no referente a este punto e aos dous seguintes, que se trata de dar cumprimento a esixencia da Deputación Provincial de Pontevedra de que as solicitudes de subvención feitas por resolución da alcaldía, teñan que ser postas en coñecemento do pleno da corporación. A continuación o **Sr. Secretario** da conta das resolucións que a continuación se transcriben literalmente:

**“SUBMINISTRACIÓN, TRANSPORTE E EMPRAZAMENTO DE MÓDULOS MIXTOS
PREFABRICADOS PARA SALVAMENTO E ASEOS NAS PRAIAS DO TERMO
MUNICIPAL DE SANXENXO”**

1º) RESOLUCIÓN DO 30/01/18:

“”Analizado o contido das bases reguladoras e convocatoria do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2018-2019, publicado no BOP nº 2, de 03/01/2018, consistente en axudas e subvencións da Deputación de Pontevedra para os concellos da provincia cunha poboación de dereito de ata 50.000 persoas. O Plan conta con tres liñas diferenciadas, dentro la *Liña 1: Inversións*, están incluídos os subministros que constitúan un investimento por si mesmas, en base a elo, esta Alcaldía,

RESOLVE:

1. Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada “SUBMINISTRACIÓN, TRANSPORTE E EMPRAZAMENTO DE MÓDULOS MIXTOS PREFABRICADOS PARA SALVAMENTO E ASEOS NAS PRAIAS DO TERMO MUNICIPAL DE SANXENXO”, investimento de 132.132,00 €

2. Solicitar para a realización dos investimentos sinalado no punto primeiro desta resolución, unha subvención por importe de 132.132,00 € con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019.

3. Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0,00 euros. O órgano que adopta este acordo é o competente para comprometer esta achega.

4. Previo á aprobación do prego de prescricións técnicas, o Concello de Sanxenxo, solicitou varias autorizacións sectoriais: o Servizo provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, o Servizo de Urbanismo da CMAOT, a Axencia Galega de Infraestructuras da Consellería de Infraestructuras e Vivenda, o Instituto de Estudos do Territorio dependente da CMAOT e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio , por estar afectado polas actuacións a levar a cabo (adxúntanse copias das mesmas). Dado en Sanxenxo a trinta de xaneiro de dous mil dezaoto.””

2º) RESOLUCIÓN DO 31/05/18:

“”En relación á Resolución da Alcaldía referente á solicitude de subvención á Deputación de Pontevedra ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2018-2019, publicado no BOP nº 2, de 03/01/2018, para a realización do investimento denominado “Subministración, transporte e emprazamento de módulos mixtos prefabricados para salvamento e aseos nas praias do termo municipal de Sanxenxo”, por importe de 132.132,00 €, , en base a elo, esta Alcaldía,

R E S O L V E: Modificar os puntos 1, 2 e 3 da mencionada Resolución, xa que o título do investimento como o orzamento modificáronse, para axustarse á Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non cambiando as características técnicas do novo prego de prescricións, polo que, os puntos da Resolución indicados, quedan como segue:

1. Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada “SUBMINISTRACIÓN DE MÓDULOS MIXTOS PREFABRICADOS PARA SALVAMENTO E ASEOS NAS PRAIAS DO TERMO MUNICIPAL DE SANXENXO”, investimento de 120.516,00 €

2. Solicitar para a realización do investimento sinalado no punto primeiro desta resolución, unha subvención por importe de 120.516,00 € con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019.

3. Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0,00 euros. O órgano que adopta este acordo é o competente para comprometer esta achega.

4. Á vista dos informes técnicos e xurídicos favorables redactados polos técnicos municipais e das autorizacións sectoriais favorables dos organismos afectados polas actuacións, aprobar o prego de prescricións técnicas redactado polo Enxeñeiro Técnico Municipal denominado “Subministración de módulos mixtos prefabricados para salvamento e aseos nas praias do termo municipal de Sanxenxo”. Dado en Sanxenxo a trinta e un de maio de dous mil dezaoto.””

3º) RESOLUCIÓN DO 22/10/18:

“”En relación á concesión de subvención da Deputación Provincial de Pontevedra, a través do acordo da Xunta de Goberno nº 12.26973, de 3 de agosto de 2018, por importe de 120.516,00 €, para a realización do investimento denominado “Subministración de módulos mixtos prefabricados para salvamento e aseos nas praias do termo municipal de Sanxenxo”; solicitada por Resolución de Alcaldía de data 31/05/2018 referente á solicitude de subvención á Deputación de Pontevedra ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2018-2019, publicado no BOP nº 2, de 03/01/2018, para a realización do investimento “Subministración de módulos mixtos prefabricados para salvamento e aseos nas praias do termo municipal de Sanxenxo”, por importe de 120.516,00 €, en base a elo, esta Alcaldía,

RESOLVE: Modificar a Resolución da Alcaldía de data 31/05/2018, referente á solicitude de subvención para o investimento “Subministración de módulos mixtos prefabricados para salvamento e aseos nas praias do termo municipal de Sanxenxo”, que pasa a denominarse: “Subministración de módulos mixtos prefabricados para salvamento e aseos”, como consecuencia de cambiar no prego de prescricións técnicas a non adxudicación por lotes e as condicións de entrega, mantendo o mesmo importe, tendo a Resolución a seguinte parte dispositiva:

1. Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada “SUBMINISTRACIÓN DE MÓDULOS MIXTOS PREFABRICADOS PARA SALVAMENTO E ASEOS”, investimento de 120.516,00 €

2. Solicitar para a realización do investimento sinalado no punto primeiro desta resolución, unha subvención por importe de 120.516,00 € con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019.

3. Aprobar o prego de prescricións técnicas redactado polo Enxeñeiro Técnico Municipal de data 22/10/2018 denominado “Subministración de módulos mixtos prefabricados para salvamento e aseos”. Dado en Sanxenxo a vinte e dous de outubro de dous mil dezaoto.””

“PLAN EMPREGO MUNICIPAL 2018”

1º) RESOLUCIÓN DO 09/02/18:

“”Analizado o contido das bases reguladoras e convocatoria do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2018-2019, publicado no BOP nº 2, de 03/01/2018, consistente en axudas e subvencións da Deputación de Pontevedra para os concellos da provincia cunha poboación de dereito de ata 50.000 persoas. O Plan conta con tres liñas diferenciadas, dentro la *Liña 3: Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais*, ó concello de Sanxenxo correspóndelle a contratación subvencionada de traballadores desempregados, sendo a contía máxima que se pode destinar a mencionada liña de 259.810,64 €, esta Alcaldía,

RESOLVE:

1. Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada “PLAN EMPREGO MUNICIPAL 2018”, asumindo o compromiso de cumprir as condicións das bases reguladoras.

2. Solicitar subvención a Deputación de Pontevedra por importe de **259.671,82 €** para a contratación de 43 persoas desempregadas para a prestación de servizos mínimos de competencia municipal, a categoría dos traballadores serán: 37 peóns durante 6 meses, con xornada laboral de 30 horas semanais; 5 auxiliares administrativos durante 10 meses con xornada laboral de 35 horas semanais e 1 auxiliar administrativo durante 2 meses, tamén con xornada laboral de 35 horas semanais.

3. Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 6.470,50 euros. O órgano que adopta este acordo é o competente para comprometer esta achega. Dado en Sanxenxo a nove de febreiro de dous mil dezaoto.””

2º) RESOLUCIÓN DO 16/04/18:

“”En relación á concesión de subvención concedida por a Deputación Provincial de Pontevedra, a través do acordo da Xunta de Goberno de data 9 de marzo de 2018, por importe de 259.671,82 € para a contratación de 43 traballadores desempregados (5 auxiliares administrativos en xornada de 35 h./semana durante 9 meses, 37 peóns de obras públicas en xeral en xornada de 20 h./semana durante 6 meses e 1 auxiliar administrativo en xornada de 35 h./semana durante 2 meses), para o desenvolvemento da Liña 3: Emprego para a Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais dentro do Plan Concellos 2018-2019, solicitada por Resolución da Alcaldía de data 9 de febreiro de 2018 e a vista do Informe do Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello, onde indica que: esta Alcaldía,

RESOLVE: Modificar os puntos 2 e 3 da Resolución do día 09/02/2018, quedando como segue a continuación:

1. Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada “PLAN EMPREGO MUNICIPAL 2018”, asumindo o compromiso de cumprir as condicións das bases reguladoras.

2. Solicitar subvención a Deputación de Pontevedra por importe de **259.667,53 €** para a contratación de 43 persoas desempregadas para a prestación de servizos mínimos de competencia municipal, a categoría dos traballadores serán: 37 peóns durante 6 meses, con xornada laboral de 30 horas semanais e 6 auxiliares administrativos durante 8,6 meses (do 10/04/2018 ata o 31/12/2018) con xornada laboral de 35 horas semanais.

3. Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 6.470,39 euros. O órgano que adopta este acordo é o competente para comprometer esta achega.

Dado en Sanxenxo a dezaseis de abril de dous mil dezaoto.””

“PROLONGACIÓN DE REDE DE ABASTECIMIENTO DE AUGA DENDE BUEZAS (NANTES) ATA ALDARIZ (PADRIÑAN)”

RESOLUCIÓN DO 09/02/18:

“”Analizado o contido das bases reguladoras e convocatoria do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2018-2019, publicado no BOP nº 2, de 03/01/2018, consistente en axudas e subvencións da Deputación de Pontevedra para os concellos da provincia cunha poboación de dereito de ata 50.000 persoas. O Plan conta con tres liñas diferenciadas, dentro la *Liña 1: Inversións*, éstos terán un orzamento igual ou superior a vinte mil euros, incluído o IVE; agás que se tramiten como gasto plurianual cuxo orzamento sera igual ou superior a cen mil euros, incluído o IVE, en base a elo, esta Alcaldía,

RESOLVE:

1. Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada “PROLONGACIÓN DE REDE DE ABASTECIMIENTO DE AUGA DENDE BUEZAS (NANTES) ATA ALDARIZ (PADRIÑÁN)”, investimento de 47.654,20 €
2. Solicitar para a realización do investimento sinalado no punto primeiro desta resolución, unha subvención por importe de 47.654,20 € con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019.
3. Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0,00 euros. O órgano que adopta este acordo é o competente para comprometer esta achega.
4. Previo á aprobación do proxecto, o Concello de Sanxenxo, solicitou varias autorizacións sectoriais: ao Instituto de Estudos do Territorio dependente da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Consellería de Medio Rural, por estar afectado polas actuacións a levar a cabo (adxúntanse copias das mesmas). Dado en Sanxenxo a nove de febreiro de dous mil dezaoto.””

“PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE ABASTECIMIENTO DE AUGA EN VIAIS DO TERMO MUNICIPAL”

RESOLUCIÓN DO 06/03/18:

“”Analizado o contido das bases reguladoras e convocatoria do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2018-2019, publicado no BOP nº 2, de 03/01/2018, consistente en axudas e subvencións da Deputación de Pontevedra para os concellos da provincia cunha poboación de dereito de ata 50.000 persoas. O Plan conta con tres liñas diferenciadas, dentro la *Liña 1: Inxerimentos*, éstos terán un orzamento igual ou superior a vinte mil euros, incluído o IVE; agás que se tramiten como gasto plurianual cuxo orzamento será igual ou superior a cen mil euros, incluído o IVE, en base a elo, esta Alcaldía,

RESOLVE:

1. Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada “PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE ABASTECIMIENTO DE AUGA EN VIAIS DO TERMO MUNICIPAL”, investimento de 79.007,53 €
2. Solicitar para a realización do investimento sinalado no punto primeiro desta resolución, unha subvención por importe de 79.007,53 € con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019.
3. Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0,00 euros. O órgano que adopta este acordo é o competente para comprometer esta achega.
4. Previo á aprobación do proxecto, o Concello de Sanxenxo, solicitou varias autorizacións sectoriais: ao Instituto de Estudos do Territorio dependente da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a propia Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Axencia Galega de Infraestruturas, dependente da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, por estar afectado polas actuacións a levar a cabo (adxúntanse copias das mesmas).

Dado en Sanxenxo a seis de marzo de dous mil dezaoto.””

“PARQUE CANINO EN MONTALVO/ADINA”

1º) RESOLUCIÓN DO 12/03/18:

“”Analizado o contido das bases reguladoras e convocatoria do Plan de obras e servizos (Plan de Concellos) 2016, publicado no BOP nº 233, de 02/12/2015, consistente en axudas e subvencións da Deputación de Pontevedra para os concellos da provincia cunha poboación de dereito de ata 50.000 persoas. O Plan conta con catro liñas diferenciadas, dentro la *Liña 1: Inversións*, están incluídas as obras con investimentos superiores a 20.000,00 euros, en base a elo, esta Alcaldía,

RESOLVE:

1. En relación a concesión de subvención por parte da Deputación de Pontevedra con destino ao financiamento do investimento “Parque Canino en Baltar” por importe de 20.296,67 €, ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016, e debido a diversas dificultades orixinadas e sobrevidas que non fan posible a instalación do parque no lugar previsto orixinalmente, solicitouse por parte do Concello o pasado día 09/02/2018 o cambio de ubicación do Parque Canino da parcela prevista no lugar de Baltar á nova ubicación, sendo esta nunha parcela no lugar de Montalvo. As condicións do proxecto enviado, a excepción da nova ubicación proposta, non cambian, o que sí o obxecto da subvención concedida, xa que non se vai a executar o investimento “Parque Canino de Baltar”, senón realizarase o “Parque Canino en Montalvo”, e polo que, **solicítase un cambio de aplicación da subvención concedida**, xa que o crédito xerado con motivo da desistencia á execución do investimento “Parque Canino de Baltar” por importe de 20.296,67 € destínese ao financiamento da actuación “Parque Canino en Montalvo”.

2. Realizar o investimento denominado: Proxecto de parque canino en Montalvo, por importe de 20.296,67 €

3. Solicitar para a realización do investimento unha subvención por importe total de 20.296,67 € con cargo ó crédito dispoñible na Liña 1 do Plan de Obras e Servizos (Plan de Concellos) 2016,

4. Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0,00 euros. O órgano que adopta este acordo é o competente para comprometer esta achega.

5. Previo á aprobación do proxecto, o Concello de Sanxenxo, solicitou varias autorizacións sectoriais, por estar afectado polas actuacións a levar a cabo (adxúntanse copias das mesmas).

Dado en Sanxenxo a doce de marzo de dous mil dezoito.””

2º) RESOLUCIÓN DO 01/06/18:

“”Analizado o contido das bases reguladoras e convocatoria do Plan de obras e servizos (Plan de Concellos) 2016, publicado no BOP nº 233, de 02/12/2015, consistente en axudas e subvencións da Deputación de Pontevedra para os concellos da provincia cunha poboación de dereito de ata 50.000 persoas. O Plan conta con catro liñas diferenciadas, dentro la *Liña 1: Inversións*, están incluídas as obras con investimentos superiores a 20.000,00 euros, en base a elo, esta Alcaldía,

RESOLVE: Modificar as resolucións da alcaldía de data 01/03/2016, referente á solicitude de subvención para o investimento do “parque canino en Baltar” e de data 12/03/2018, referente á solicitude do cambio de ubicación a unha parcela no lugar de Montalvo, a efectos do cambio da ubicación a unha parcela propiedade do Concello, no lugar de Adina, tendo a resolución a seguinte parte dispositiva:

1. Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada “PARQUE CANINO EN ADINA”.

2. Á vista dos informes técnicos e xurídicos favorables redactados polos técnicos municipais, aprobar o proxecto técnico denominado “PARQUE CANINO EN ADINA”.
3. Solicitar para a súa realización unha subvención por importe total de 20.296,67 € con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan de Concellos) 2016,
4. Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0,00 euros. O órgano que adopta este acordo é o competente para comprometer esta achega.
5. Os terreos precisos están dispoñibles para a normal execución das obras e tamén as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo. Dado en Sanxenxo a un de xuño de dous mil dezaioito.””

“INSTALACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS NO LUGAR DE CANELAS (PORTONOVO)”

RESOLUCIÓN DO 03/04/18:

“”Analizado o contido das bases reguladoras e convocatoria do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2018-2019, publicado no BOP nº 2, de 03/01/2018, consistente en axudas e subvencións da Deputación de Pontevedra para os concellos da provincia cunha poboación de dereito de ata 50.000 persoas. O Plan conta con tres liñas diferenciadas, dentro la *Liña 1: Inversións*, éstos terán un orzamento igual ou superior a vinte mil euros, incluído o IVE; agás que se tramiten como gasto plurianual cuxo orzamento sera igual ou superior a cen mil euros, incluído o IVE, en base a elo, esta Alcaldía,

RESOLVE:

1. Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada “INSTALACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS NO LUGAR DE CANELAS (PORTONOVO)”, investimento de 54.639,46 €
2. Solicitar para a realización do investimento sinalado no punto primeiro desta resolución, unha subvención por importe de 54.639,46 € con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019.
3. Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0,00 euros. O órgano que adopta este acordo é o competente para comprometer esta achega.
4. Previo á aprobación do proxecto, o Concello de Sanxenxo, solicitou autorizacións sectoriais a varios Organismos por estar afectado polas actuacións a levar a cabo, tamén autorizacións particulares, dado que unha parte do colector discorre por terreos de titularidade privada (adxúntanse copias das mesmas).

Dado en Sanxenxo a tres de abril de dous mil dezaioito.””

“SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE BOMBAS NOS BOMBEOS DE AUGAS RESIDUAIS DE A REVOLTA (NOALLA) E ARNOSA (VILALONGA)”

RESOLUCIÓN DO 03/04/18:

“”Analizado o contido das bases reguladoras e convocatoria do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2018-2019, publicado no BOP nº 2, de 03/01/2018, consistente en axudas e subvencións da Deputación de Pontevedra para os concellos da provincia cunha poboación de dereito de ata 50.000 persoas. O Plan conta con tres liñas diferenciadas, dentro la *Liña 1: Investimentos*, están incluídos os subministros que constitúan un investimento por si mesmas, en base a elo, esta Alcaldía,

RESOLVE:

1. Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada “SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE BOMBAS NOS BOMBEOS DE AUGAS RESIDUAIS DE A REVOLTA (NOALLA) E ARNOSA (VILALONGA)”, investimento de 33.272,58 €
2. Solicitar para a realización dos investimentos sinalado no punto primeiro desta resolución, unha subvención por importe de 33.272,58 € con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019.
3. Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0,00 euros. O órgano que adopta este acordo é o competente para comprometer esta achega.
4. Á vista do informe técnico redactado polo enxeñeiro técnico municipal, aprobar a memoria técnica denominada “ SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE BOMBAS NOS BOMBEOS DE AUGAS RESIDUAIS DE A REVOLTA (NOALLA) E ARNOSA (VILALONGA)”.

Dado en Sanxenxo a tres de abril de dous mil dezaioito.””

“SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO INFORMÁTICO PARA A RENOVACIÓN E ADECUACIÓN Á ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA”

RESOLUCIÓN DO 11/06/18:

“”Analizado o contido das bases reguladoras e convocatoria do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2018-2019, publicado no BOP nº 2, de 03/01/2018, consistente en axudas e subvencións da Deputación de Pontevedra para os concellos da provincia cunha poboación de dereito de ata 50.000 persoas. O Plan conta con tres liñas diferenciadas, dentro la *Liña 1: Investimentos*, están incluídos os subministros que constitúan un investimento por si mesmas, en base a elo, esta Alcaldía,

RESOLVE:

1. Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada “SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO INFORMÁTICO PARA A RENOVACIÓN E ADECUACIÓN Á ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA”, investimento de 11.616,00 €
2. Solicitar para a realización do investimento sinalado no punto primeiro desta resolución, unha subvención por importe de 11.616,00 € con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019.

3. Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0,00 euros. O órgano que adopta este acordo é o competente para comprometer esta achega.

4. Á vista do informe técnico redactado polo técnico informático municipal, aprobar o prego de prescricións técnicas denominada “SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO INFORMÁTICO PARA A RENOVACIÓN E ADECUACIÓN Á ADMINSTRACIÓN ELECTRÓNICA”. Dado en Sanxenxo a once de xuño de dous mil dezaioito.””

“SUBMINISTRACIÓN MARQUESIÑAS PARA PARADAS DE AUTOBÚS”

RESOLUCIÓN DO 05/10/18:

“”Dentro do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2018-2019, Liña 1: Investimentos, (publicado no BOP nº 2, de 03/01/2018), foi solicitada unha subvención de 102.874,20 € para a financiación do investimento denominado “SUBMINISTRACIÓN MARQUESINAS PARA PARADAS DE AUTOBÚS”(55.393,80 € anualidade 2018 e 47.480,40 € anualidade 2019).

Por diversas razóns considérase máis beneficioso facer agora en 2018 o investimento dos 55.393,80 €, deixando o investimento polos outros 47.480,40 € para solicitalos no vindeiro prazo que se vai a abrir do Plan Concellos o vindeiro 1 de novembro de 2018, e executalo en 2019.

Polo exposto, e tendo en conta que a solicitude xa non é para un gasto plurianual, esta Alcaldía,

RESOLVE:

1. Aprobar a memoria valorada “SUBMINISTRACIÓN MARQUESINAS PARA PARADAS DE AUTOBÚS””, elaborada por Dna. Clara Cereijo Méndez, Enxeñeira Industrial, cun orzamento de 55.393,80 €, facendo constar que a instalación das marquesinas xa conta coa autorización da Axencia Galega de Infraestructuras, dependente da Consellería de Infraestructuras e Vivenda en canto as vía autonómicas, e que está en trámite a autorización da propia Deputación Provincial de Pontevedra en canto as vías provinciais.

Esta aprobación da memoria valorada queda condicionada á autorización do órgano provincial antedito, actualmente en trámite, e ata obter a mesma non poderá comenzoar o procedemento licitatorio do subministro.

2. Solicitar, en consecuencia unha subvención para a realización do investimento denominado “SUBMINISTRACIÓN MARQUESINAS PARA PARADAS DE AUTOBÚS” , unha subvención por importe de 55.393,80 € con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019.

3. Renunciar aos 47.480,40 € previstos para a anualidade de 2019 na solicitude de subvención, que foi presentada un principio como un gasto plurianual, para este exercicio e para o seguinte.

Dado en Sanxenxo a cinco de outubro de dous mil dezaioito.””

“CONSTRUCCIÓN DE GRADAS E VESTIARIO NO CAMPO DE FÚTBOL DE DORRÓN”

RESOLUCIÓN DO 28/12/18:

“”Analizado o contido das bases reguladoras e convocatoria do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2018-2019, publicado no BOP nº 2, de 03/01/2018, consistente en axudas e subvencións da Deputación de Pontevedra para os concellos da provincia cunha poboación de dereito de ata 50.000 persoas. O Plan conta con tres liñas diferenciadas, dentro la *Liña 1: Invetimentos*, esta Alcaldía,

RESOLVE:

1. Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada “CONSTRUCCIÓN DE GRADAS E VESTIARIO NO CAMPO DE FÚTBOL DE DORRÓN”, investimento de 472.132,61 €
2. Solicitar para a realización dos investimentos sinalado no punto primeiro desta resolución, unha subvención por importe de 472.132,61 € con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019.
3. Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0,00 euros. O órgano que adopta este acordo é o competente para comprometer esta achega.
4. Previo á aprobación do proxecto, o Concello de Sanxenxo solicitou ao Concello de Poio autorización correspondente para a execución da parte da obra que se ubica no citado termo municipal.

Sanxenxo, vinte e oito de decembro de dous mil dezaioito.””

“PLAN EMPREGO MUNICIPAL 2019”

RESOLUCIÓN DO 22/01/19:

“”Analizado o contido das bases reguladoras e convocatoria do Plan Concellos 2019 – Liñas 2 e 3, publicado no BOP nº 242, de 18/12/2018, consistente en axudas e subvencións da Deputación de Pontevedra para os concellos da provincia cunha poboación de dereito de ata 50.000 persoas. Dentro la *Liña 3: Empleo para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais*, ao Concello de Sanxenxo correspóndelle a contratación subvencionada de traballadores desempregados, sendo a contía máxima que se pode destinar a mencionada liña de 256.096,51 €, esta Alcaldía,

RESOLVE:

1. Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada “PLAN EMPREGO MUNICIPAL 2019”, asumindo o compromiso de cumprir as condicións das bases reguladoras.
2. Solicitar unha subvención por importe de **256.096,51 €** con cargo ao Plan Concellos 2019 – Liña 3, para o financiamento da contratación de 38 persoas desempregadas para a prestación de servizos mínimos de competencia municipal, a categoría dos traballadores será: 33 peóns en total (18 peóns durante 6,6 meses e 15 peóns durante 5,27 meses), con xornada laboral de 30 horas semanais; 4 auxiliares administrativos durante 5,1 meses con xornada laboral de 35 horas semanais e 1 auxiliar administrativo durante 5,4 meses, tamén con xornada laboral de 35 horas semanais.
3. Aprobar a memoria descritiva “Plan Empleo Municipal 2019”

4. Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 6.382,47 euros. O órgano que adopta este acordo é o competente para comprometer esta achega. ""

A Corporación deuse por enterada.-----

3º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2017. Polo Sr. Secretario dáse conta das resolucións que a continuación se transcriben literalmente:

“PLAN EMPREGO MUNICIPAL 2017”

1º) RESOLUCIÓN DO 19/01/17:

“Analizado o contido das bases reguladoras e convocatoria do Plan de obras e servizos (Plan de Concellos) 2017, publicado no BOP nº 249, de 30/12/2016, consistente en axudas e subvencións da Deputación de Pontevedra para os concellos da provincia cunha poboación de dereito de ata 50.000 persoas. O Plan conta con tres liñas diferenciadas, dentro la *Liña 3: Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais*, ó concello de Sanxenxo correspóndelle a contratación subvencionada de traballadores desempregados, sendo a contía máxima que se pode destinar a mencionada liña de 251.890,00 €, esta Alcaldía,

RESOLVE:

1. Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada “PLAN EMPREGO MUNICIPAL 2017”, asumindo o compromiso de cumprir as condicións das bases reguladoras.

2. Solicitar subvención a Deputación de Pontevedra por importe de **251.781,97 €** para a contratación de 43 persoas desempregadas para a prestación de servizos mínimos de competencia municipal, a categoría dos traballadores serán: 37 peóns durante 6 meses, con xornada laboral de 30 horas semanais; 5 auxiliares administrativos durante 9 meses, con xornada laboral de 35 horas semanais e unha persoa para prestar servizos como traballador/a social durante 9 meses, con xornada laboral de 35 horas semanais.

3. Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 13.970,48 euros. O órgano que adopta este acordo é o competente para comprometer esta achega. Dado en Sanxenxo a dezanove de xaneiro de dous mil dezasete.””

2º) RESOLUCIÓN DO 23/01/17:

